BASES I EDICION “CANTOS DE TABERNA TRABADA”

O Concello de Trabada en colaboración cos establecementos con actividade gastronómica do termo municipal de Trabada, convoca e organiza a I EDICION “ CANTOS DE TABERNA TRABADA”, cuia finalidade é dinamizar o sector hosteleiro de Trabada, no que participan todos os establecementos de Hostelería do Concello de Trabada legalmente establecidos , e nesta edición, en concreto, Mesón Camiño Norte, Taberna da Curuxeira, Bar O Porfirio e Bar Villapol de conformidade coas seguintes.

BASES I EDICIÓN “CANTOS DE TABERNA TRABADA”

1. Os grupos participantes estarán formados por un mínimo de 5 persoas e un máximo de 10 persoas que irán acreditadas de xeito visible. A participación no concurso estará limitado a 6 grupos e/ou un máximo de 60 persoas en total.

1. A inscrición é de balde e realizarase a través dos enderezos electrónicos concello@trabada.es ou no teléfono 982135011. O límite de prazo de inscrición será o 20 de xaneiro de 2018.

1. Para a inscrición deberá achegar a ficha de solicitude que estará dispoñible en www.trabada.es

1. O evento desenvolverase o venres, 2 de febreiro a partir das 20:00h.

1. Cada grupo percorrerá o itinerario que a organización lle marque. Os grupos deberán seguir as indicacións que hostaleiro/a lle indique para a súa mellor ubicación dentro de cada local.

1. Cada grupo disporá de 30 minutos de actuación en cada local que lle se sexa asignado. O repertorio será de libre escolla, preferentemente con temas populares e tradicionais.

1. Cada grupo poderá aportar, xunto coas voces que serán obrigatorias, instrumentos musicais que os acompañen (acordeón, guitarra, instrumentos de vento e/ou percusión tradicional), en ningún caso aumentando esta circunstancia o límite no número de integrantes.

1. Os integrantes dos grupos estarán convidados a unha consumición básica en cada local do seu itinerario (viño corrente, cervexa, refresco ou auga), o resto deberán aboalo.

1. Cada grupo disporá dun “pasaporte” que selarán en cada establecemento e que será o único medio de acreditación de ter realizado o percorrido.

1. Os integrantes de todos os grupos, unha vez finalizados os recorridos, en torno ás 23.30h quedarán convidades a unha cea conxunta.

1. A organización comunicará por correo electrónico, coa suficiente antelación, o percorrido e data para a recollida do material.

INSCRICIÓN CANTOS DE TABERNA DE TRABADA

Grupo_____

Número de compoñentes_____

Persoa de contacto_____

Email_____

Teléfono de contacto_____

Nomes e apelidos dos integrantes:

1._____

2._____

3._____

4._____

5._____

6._____

7._____

8._____

9._____

10._____

Trabada, a ____ de xaneiro de 2018.

O representante.

Asdo.:_____